

PLAN DE CONTINXENCIA

Curso 2021-2022

EI VILARRODÍS-OSEIRO

INTRODUCCIÓN

O plan de continxencia da EEI de Vilarrodís-Oseiro ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade docente presencial no caso de interrupción da actividade escolar como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial, nunha das dúas aulas en funcionamento na escola no curso 2021-2022, ou ben en todo o centro.

Tomar medidas excepcionais de suspensión da actividade lectiva presencial corresponde as autoridades da Consellería de Educación en conxunto con Servizo Galego de Saúde en base a criterios sanitarios, en ningún caso ao equipo docente.

O presente documento redáctase seguindo as instrucións da Consellería presentes nos seguintes documentos:

- *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022*
- *Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-22.*
- *Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19*

ACTUACIÓNS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO

1. **Non asistirán á escola aqueles nenos e nenas, profesorado ou outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en**

illamento ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19, e/ou estean á **espera dos resultados de PCR** por sospeita clínica.

2. Diante de **sospeita de que un alumno ou alumna desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 na escola**, seguirase o plan de adaptación á COVID da escola: Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle ao patio cuberto ao aire libre ou ben á aula Covid destinada ao efecto (Aula 3), e permanecerá acompañado da mestra de inglés ou a mestra de AL ata a recollida por parte da familia. A aula 3 dispón de doada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Contactarase de inmediato por teléfono cos titores legais. A mestra que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar máscara FFP2. Hai a súa disposición pantalla e mono desbotable.
3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao **061**. Se unha traballadora inicia síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexida pola máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. A **familia dun neno ou nena con sospeita** de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co/a seu/súa pediatra para que este/a avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
5. No suposto da aparición dun caso na escola, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a **petición dos servizos de saúde a través de EduCovid**, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos na escola: compañeiros/as afectados/as, profesorado e persoal non docente.
6. Tras a aparición dun caso diagnosticado da Covid-19 seguiranse as recomendacións

da Central de Seguimento de Casos e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e **a duración das medidas de corentena**, o que se comunicará á coordinadora COVID da escola para a súa **comunicación á comunidade educativa**, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. **A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios**, poderá ordenar o peche dunha aula ou da escola na súa totalidade.
9. **A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
10. **A suspensión da actividade lectiva presencial** suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

ACTUACIÓNS NO CASO DE PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo equipo docente ordinario do alumnado preferentemente a través dos blogs de aula e especialistas. Realizarase o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos de xeito virtual a través dos recursos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería.

A coordinadora COVID da escola identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que

minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Solicitarase ás familias información ao inicio de curso ao respecto.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación con períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincida o tempo de suspensión.

Dada a idade do noso alumnado e o tipo de ensinanzas que precisa, e imprescindible a mediación do adulto, docente ou familiar. O alumnado non ten autonomía para realizar a conexión cos servizos dixitais só. Porén precisa de establecer hábitos, rutinas e moitas actividades psicomotrices que son esenciais para o seu desenvolvemento cognitivo. A implicación das familias é fundamental. Presentamos un horario orientativo de actividades (Anexo 1) que serán definidas a través dos medios telemáticos relatados mais abaixo.

Durante o período de suspensión da actividade presencial a escola ten previstas as seguintes **medidas**:

- Propoñer e planificar actividades didácticas, para os diferentes niveis a través da **páxina web oficial da escola e dos blogs** de aula e especialidades.
- Facilitarase ao alumnado **materiais didácticos impresos**, organizados polo equipo docente, para continuar coas aprendizaxes incluídas nas programacións de aula. Naqueles casos que o precisen polas circunstancias familiares, solicitarase a cooperación dos Servizos Sociais do concello ou da policía local para a distribución dos mesmos.
- Tentar realizar un **seguimento do ensino a distancia** a través da plataforma dixital facilitada pola Consellería por parte do profesorado (Cisco Webex ou semellante).
- Manter comunicación e **asesoramento ás familias** a través do teléfono móbil, da aplicación AbalarMóbil, e do correo electrónico do centro escolar.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

No caso de peche de aula ou escola, **a actividade lectiva presencial retomarase no momento que as autoridades sanitarias e educativas o determinen**, unha vez rematadas as corentenas.

Os casos individuais de alumnos, alumnas e docentes contaxiados ou en corentenas incorporaranse cando o determine o seu pediatra/médico.

O equipo docente adecuará as actividades a realizar na incorporación tendo en conta que os nenos e nenas poden precisar un tempo de readaptación á situación escolar presencial e atenderá ao benestar do alumnado prestando atención a súa situación emocional.

Revisaranse e comentaranse as actividades realizadas na casa.

Insistirase en continuar coas medidas de hixiene e ventilación para evitar mais contaxios.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
ACTUACIÓNs DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO	3
ACTUACIÓNs NO CASO DE PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	5
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	7
ANEXO: HORARIO BASE ORIENTATIVO	

HORARIO BASE ORIENTATIVO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 - 9:30	Vestirse só/mandilón, lavado de mans	Vestirse só/mandilón, lavado de mans	Vestirse só/mandilón, lavado de mans	Vestirse só/mandilón, lavado de mans	Vestirse só/mandilón, lavado de mans
9:30 - 10:00	Asemblea con rutinas	Asemblea con rutinas	Asemblea con rutinas	Asemblea con rutinas	Asemblea con rutinas
10:00 - 10:45	P. globalizado (con tarefas de mesa: lectoescritura, lóxica matemática, outras)	P. globalizado (con tarefas de mesa: lectoescritura, lóxica matemática, outras)	P. globalizado (con tarefas de mesa: lectoescritura, lóxica matemática, outras)	P. globalizado (con tarefas de mesa: lectoescritura, lóxica matemática, outras)	P. globalizado (con tarefas de mesa: lectoescritura, lóxica matemática, outras)
10:45 - 11:15	Xogo (plastilina, coches, cociña, puzzles, ensartables...)	Xogo (plastilina, coches, cociña, puzzles, ensartables...)	Xogo (plastilina, coches, cociña, puzzles, ensartables...)	Xogo (plastilina, coches, cociña, puzzles, ensartables...)	Xogo (plastilina, coches, cociña, puzzles, ensartables...)
11:15 - 11:30	Relaxación	Relaxación	Relaxación	Relaxación	Relaxación
11:30 - 12:00	Lavado mans, MERENDA, lavado mans e boca	Lavado mans, MERENDA, lavado mans e boca	Lavado mans, MERENDA, lavado mans e boca	Lavado mans, MERENDA, lavado mans e boca	Lavado mans, MERENDA, lavado mans e boca
12:00 - 12:30	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre
12:30 - 13:00	Conto/hora de ler	Conto/hora de ler	Conto/hora de ler	Conto/hora de ler	Conto/hora de ler
13:00 - 14:00	Obradoiros (Arte, Tics, psicomotricidade, música...)	Obradoiros (Arte, Tics, psicomotricidade, música...)	Obradoiros (Arte, Tics, psicomotricidade, música...)	Obradoiros (Arte, Tics, psicomotricidade, música...)	Obradoiros (Arte, Tics, psicomotricidade, música...)
14:00 - 14:15	Quitar mandilón, lavado de mans	Quitar mandilón, lavado de mans	Quitar mandilón, lavado de mans	Quitar mandilón, lavado de mans	Quitar mandilón, lavado de mans